


Entrega carnés de socios/as 2011-2012

Con certo retraso a ANPA procede estes días ao reparto dos carnés entre os seus socios, que lles permitirán acceder aos descontos das tendas colaboradoras ACEBE, ademais de servirille como acreditación, se fose necesario, para calquera evento ou actividade extraescolar organizada por esta ANPA. Os carnés distribuiranse nun sobre a través dos vosos fillos/as,



Dentro das diversas casuísticas coas que nos atopamos á hora de elaborar os carnés foi que un número considerable de nais/pais fixeron o ingreso como socios/socios da ANPA, pero non cubriron a folla de inscrición. Nalgúns casos podemos poñernos en contacto con eles pero noutros foinos totalmente imposible, xa que carecemos dos seus datos (teléfono principalmente). Por este motivo haberá socios que no reciban o carné estes días.

Para poder emitir estes carnés necesitamos que os pais, que tendo pagada a cota de socio e non tendo recibido o carné antes do 20 de xaneiro, cubrades a folla de inscrición de socio (dispoñible estes días na Secretaría do Colexio e no blog da ANPA) e ben a deixedes na caixa de correos da ANPA ou ben nola enviades por correo electrónico.

XORNADA formativa para nais/pais



Charla Videoxogos

Son realmente os videoxogos perxudiciais para os nenos/as?

Esta pregunta témola constantemente presente os pais cada vez que lle mercamos un videoxogo aos nosos fillos ou cando os vemos demasiado obsesionados con eles.

Santiago Lamelo, informático de profesión, redactor de revistas de informática e membro da xunta directiva da Federación de ANPAS de Centros Públicos de A Coruña, dará unha charla no noso colexio sobre os videoxogos dende un punto de vista positivo, afastado do sensacionalismo que soe aparecer nos medios de comunicación. Para elo falará das súas posibilidades como forma de ocio, pero tamén como un medio facilitador da expresión artística. Falará dos diferentes tipos de xogos, xéneros, plataformas e, sobre todo, dará unha serie de recomendacións para un bo uso e disfrute dos mesmos, facendo especial mención na responsabilidade dos pais á hora de controlar o contido dos xogos máis apropiados para os seus fillos.

venres 27 de xaneiro

hora: ás 18:30

lugar: Salón de actos do colexio

Día 20 de xaneiro
derradeiro día para
abonar o 2º prazo das
actividades
extraescolares
2011-2012

Todos aqueles pais que optaran polo pago fraccionado das actividades extraescolares, deberán proceder ao abono do segundo prazo, antes do 20 de xaneiro de 2012.

SOCIOS ANPA = 30€/ cada actividade

NON SOCIOS = 40€/ cada actividade

O pago débese facer na conta bancaria da ANPA Brigantium, indicando, no concepto, **o nome do neno/a e a actividade na que está inscrito**

No. de conta ANPA Brigantium

BANCO PASTOR	0072	0130	60	0000104629
---------------------	-------------	-------------	-----------	-------------------

NOTA: Aqueles pais que estean interesados en inscribir aos seus fillos neste primeiro semestre do ano, deberán solicitar a folla de inscrición ao monitor da actividade na que estean interesados, onde lle indicarán os pasos a seguir.

Sucedeu no NADAL



Exhibición de Ximnasia Rítmica



Exhibición de Baile



Mini-obra de Teatro

Tiro con Arco

Compoñentes da sección de tiro con arco, que forma parte das actividades extraescolares deste curso, baixo a tutela do Club de Tiro con Arco "Adarve"



Parte do equipo de tiro con arco nun día normal de adestramento

Iván e Telmo, gañaron en Ourense o seu primeiro torneo: Categoría ESQUIO

Renovado o parque de E. Infantil

Dende a ANPA Brigantium aproveitamos para agradecerlle ao Concello a atención e a sensibilidade que está a amosar coa comunidade educativa



Material reposto polo Concello na zona de infantil

BEN 10 ALIEN FORCE VILGAX ATTACKS

12 www.pegi.info

LICENSED BY Nintendo

Charla sobre Videoxogos son tan malos como din?
(+ información no interior)

ANPA Brigantium

Consulta máis información no noso blog

<http://anpabrigantium.blogaliza.org/>

facebook: [anpabrigantium](#)

anpabrigantium@gmail.com



CONCELLO DE BETANZOS
CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN